

TÍTULO: HAI PANXOLIÑAS

LEMA: LÓUZARA – LOUREIRA

*Catuxa Celeiro Ullmoz*

Hai panxoliñas rexas, feitas ferro  
no afouto negrume dalgún berro  
pola dor.

E hainas brancas, de moles letanías,  
neitegadas de notas manantías  
sen más cor.

Hainas finchadas, sabidas e tolas,  
máis patrañas finxidas que panxolas  
no escoitar.

Pero tamén as hai que din de certo  
que algúñ ceo por fin ficou aberto  
nun luar.

Mesmo hainas que soan á falsía  
dalgún ouro que renxe e arrepía.  
no Belén.

Ou dun incenso mesto e agrisado,  
bretemoso nas vidas e arrotado  
sen querer.

Case todas nos falan dese neno  
ateigado de luz no seu aceno  
de bulir.

Pero hainas con todo xa falado,  
con folerpas dun negro inmaculado  
no dicir.

Hainas de pan, de codia e máis de relo,  
reflectidas de prata e amarelo  
resoar.

E ata xurden do viño excedentario  
como borras do carto no esceario  
de comprar.

Porque hainas de cantos de sereias  
coma rezos directamente ás veas  
ó chamar

polos novos siareios desta feira  
que trabucan portais nesa lideira  
de gastar.

Hai algunha que nin é panxoliña  
e semella unha lousa, outra espiña  
pra ferir.

E hainas quedas, de versos azulados  
de pandeiros rinchóns, domesticados:  
é pra rir.

Unha ten o sabor do catecismo  
e non falta algúnn vello amarelismo  
no seu son.

Pero hai outra de berce que arrechega  
o agarimo vivo que se entrega  
á canción.

Hai reclamos que batén nas fazulas,  
que utilizan pandeiros, bois e mulas  
pra chamar.

Pero hai verbas de ben na boa xente  
sen celofán nin ouro polo abrente  
de espertar.

Hai figurases que son falsos pastores  
polos berces virtuais de falsas cores,  
ben sei eu.

Pero outras son puro sentimento  
e dan cada un dese contento  
candanseu.

Hai panxoliñas doces, de adovío,  
brancas de voces dadas ó enfastío  
de finxir.

Pero algunas non han ser mintireiras,  
proletarias da fe e xornaleiras  
do sentir.

E hai, por fin, algunha coma esta  
escabardada entre tanta festa  
sen por qué.

É só unha panxoliña que se espiga  
e se quere facer bola pantriga,  
abofé.